



**IES Escolas Proval**

## **Convocatoria bolsas Erasmus + para CICLOS SUPERIORES 2014/2015**

---

Nigrán, 13 de outubro de 2014

### **Obxecto da convocatoria**

A presente convocatoria ten por obxecto fomentar que os estudantes e o profesorado dos ciclos formativos de grao superior realicen unha mobilidade a un país da Unión Europea co gallo de mellorar o seu desenvolvemento persoal, profesional e lingüístico.

### **Número de bolsas Erasmus +**

O número de bolsas é de **3 para alumnos** de ciclos formativos de grao superior do IES Escolas Proval para a realización do módulo de FCT nunha empresa dun país da Unión Europea, e **1 para profesores** que impartan docencia en ciclos formativos de grao superior para a realización de “job-shadowing” nunha empresa dun país da Unión Europea.

### **Prazo de presentación de solicitudes**

A solicitude da bolsa para a presente convocatoria poderá presentarse polos interesados ata o 4 de Novembro de 2014 inclusive.

### **Formalización de solicitudes e documentación**

O formulario de inscrición pode descargarse da páxina web do centro en Programas Europeos / Erasmus / Erasmus + para Ciclos Formativos de Grao Superior.

A solicitude debe entregarse na secretaría do IES Escolas Proval no prazo establecido.

**A Coordinadora de Proxectos Europeos**